




IN519H

AXUDAS INDUSTRIA DUAL 2026



Orzamento: 6.000.000 €



PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Iniciarase ás 09:00 horas do 4 de xuño e finalizará ás 14:00 horas do 4 de setembro (data publicación no DOG 28 de maio).



Concorrenza competitiva

PARA QUEN?

Grandes, medianas e pequenas empresas de **ámbito industrial** que contan con **centro de traballo permanente en Galicia**.

PARA QUE?

Desenvolvemento de proxectos de **investimento produtivo** de bens e servizos tecnolóxicos de uso dual (civil e militar) destinados aos ámbitos da **Seguridade**, a **Defensa** e o **Aeroespazo**.



Priorizaranse aos proxectos presentados por empresas de sectores estratéxicos con potencial de diversificación.

- Automoción
- Metalmecánico
- Naval
- Loxístico
- Téxtil

- Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC)
- Aeroespacial
- Construción

TIPOS DE PROXECTOS

Tódalas empresas



Creación dun novo establecemento: inicio dunha nova actividade industrial
Diversificación da produción a outros bens ou servizos

Pemes



Creación dun novo establecemento: inicio dunha nova actividade industrial
Diversificación da produción a outros bens ou servizos
Ampliación da capacidade dun establecemento existente
Transformación fundamental do proceso de produción



Máis información: conselleria.economia@xunta.gal



IN519H

AXUDAS INDUSTRIA DUAL 2026

CONDICIÓN DAS AXUDAS

1

Investimento mínimo

O orzamento mínimo esixido por proxecto é de **1.200.000,00 €**.

2

Anticipos

Poderase solicitar un anticipo de ata o 25 % da subvención concedida, sen que o importe supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. As empresas están exentas de constituír garantías.

3

Prazos de execución e xustificación de anualidades

Execución: 31 de xullo de 2028

Gastos 2026: 31 de outubro de 2026

Gastos 2027: 30 de setembro de 2027

Gastos 2028: 31 de xullo de 2028

AXUDA DA XUNTA DE GALICIA

Subvención en réxime de concorrència competitiva

- > Axuda máxima de **1.000.000 €** por empresa e proxecto

- > A intensidade da axuda é do **15% (grandes empresas)**, **25% (medianas)** ou **35% (pequenas)** sobre o custo subvencionable.

Gran empresa	15%
Mediana empresa	25%
Pequena empresa	35%



As beneficiarias aportarán unha contribución financeira dun mínimo do 25 % dos custos subvencionables, cos seus propios recursos ou mediante financiamento externo sen recorrer a axudas públicas.





IN519H

AXUDAS INDUSTRIA DUAL 2026

Conceptos subvencionables

Custos directos



Compra de
maquinaria ou
bens de equipo.



Obras de reforma e
rehabilitación de naves
ou espazos produtivos.



Programas de
implantación de
solucións tecnolóxicas
(software e hardware).



Outros
investimentos
en activos fixos.

COMO A SOLICITO?

A través da **sede electrónica da Xunta de Galicia** a través do código do procedemento.

Axudas cofinanciadas ao 70 % polo programa FEDER.

Cofinanciamento nacional de investimento privado polo 30 % restante.

MÁIS INFORMACIÓN

